

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA LOMLOE

Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
15021482	IES San Clemente	Santiago de Compostela	2023/2024

Área/materia/ámbito

Ensinanza	Nome da área/materia/ámbito	Curso	Sesións semanais	Sesións anuais
Bacharelato	Debuxo técnico I	1º Bac.	4	140

Réxime

Réxime de adultos

Contido	Páxina
1. Introducción	3
2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias	4
3.1. Relación de unidades didácticas	4
3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas	6
4.1. Concrecións metodolóxicas	13
4.2. Materiais e recursos didácticos	14
5.1. Procedemento para a avaliación inicial	15
5.2. Criterios de cualificación e recuperación	15
5.3. Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes	17
5.4. Procedemento para acreditar os coñecementos necesarios en determinadas materias	17
6. Medidas de atención á diversidade	17
7.1. Concreción dos elementos transversais	18
7.2. Actividades complementarias	19
8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro	20
8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora	21
9. Outros apartados	21

1. Introducción

A materia de Debuxo Técnico aglutina os contidos e procedementos necesarios para a definición gráfica de trazados xeométricos, a resolución de problemas espaciais e a descrición gráfica de volumes mediante sistemas normalizados. Constitúe o medio idóneo de expresión e definición de proxectos nos diferentes campos do deseño. Esta materia dotará ao alumnado dos instrumentos axeitados para comunicar de xeito gráfico e obxectivo e para expresar e difundir ideas e proxectos de acordo con convencións que garanten a interpretación fiable e precisa.

A materia de Debuxo Técnico potencia o desenvolvemento da capacidade de visión espacial así como da capacidade de análise, a creatividade, a autonomía, o traballo colaborativo e o pensamento diverxente. Por outra banda, supón un primeiro achegamento do alumnado á lectura de obras de arquitectura e enxeñaría desde a valoración dos seus elementos técnicos e estruturais.

O carácter integrador e multidisciplinario da materia favorece unha metodoloxía activa e participativa, de aprendizaxe por descubrimento, de experimentación sobre a base de resolución de problemas prácticos, ou mediante a participación en proxectos interdisciplinarios, contribuíndo ao desenvolvemento das competencias clave correspondentes e á adquisición dos obxectivos de etapa. Abórdanse tamén retos do século XXI de xeito integrado durante os dous anos de bacharelato, o compromiso cidadán no ámbito local e global, a confianza no coñecemento como motor do desenvolvemento, o aproveitamento crítico, ético e responsable da cultura dixital, o consumo responsable e a valoración da diversidade persoal e cultural.

Un dos bloques da materia está adicado a familiarización cos medios dixitais de representación, que son os empregados no eido profesional. Os programas e as aplicacións CAD ofrecen grandes posibilidades como unha maior precisión, axilidade na busca de solucións, facilidade de transmisión e almacenamento do traballo entre outros .

Os criterios de avaliación son o elemento curricular que serve para avaliar o nivel de consecución dos obxectivos da materia, e fórmulanse cunha evidente orientación competencial mediante a aplicación de contidos e a valoración de destrezas e actitudes como a autonomía e a autoaprendizaxe, o rigor nos razoamentos, a claridade e a precisión nos trazados.

Ao longo dos dous cursos de bacharelato os contidos adquiren un grao de dificultade e afondamento progresivo. No primeiro curso o alumnado iníciase no coñecemento de conceptos importantes á hora de establecer procesos e razoamentos aplicables á resolución de problemas ou que son soporte doutros posteriores; e gradualmente, no segundo curso, vai adquirindo un coñecemento máis amplo sobre esta disciplina.

Os criterios de avaliación e os contidos organízanse en torno a catro bloques interrelacionados e intimamente ligados aos obxectivos:

No bloque de Fundamentos xeométricos o alumnado aborda a resolución de problemas sobre o plano e identifica a súa aparición e a súa utilidade en diferentes contextos. Tamén se cuestiona a relación do debuxo técnico e as matemáticas, e a presenza da xeometría nas formas da arquitectura e da enxeñaría.

No bloque de Xeometría proyectiva preténdese que o alumnado adquiera os coñecementos necesarios para representar graficamente a realidade espacial, co fin de expresar con precisión as solucións a un problema construtivo ou de interpretación para a súa execución. empregando os diversos sistemas de xeometría descriptiva.

No bloque de Normalización e documentación gráfica de proxectos dótase o alumnado dos coñecementos necesarios para visualizar e comunicar a forma e as dimensións dos obxectos de xeito inequívoco seguindo as normas UNE e ISO, co fin de elaborar e presentar, de forma individual ou en grupo, proxectos sinxelos de enxeñaría ou arquitectura.

Por último, no bloque de Sistemas CAD preténdese que o alumnado aplique as técnicas de representación gráfica adquiridas utilizando programas de deseño asistido por computador; o seu desenvolvemento, xa que logo, débese facer de xeito transversal en todos os bloques de criterios de avaliación e contidos, e ao longo de toda a etapa.

2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX1 - Interpretar elementos ou conxuntos arquitectónicos e de enxeñaría, empregando recursos asociados á percepción, ao estudo, á construción e á investigación de formas, para analizar as estruturas xeométricas e os elementos técnicos utilizados.	1-2		4	1	40	1		1-2
OBX2 - Utilizar razoamentos indutivos, deductivos e lóxicos en problemas de índole gráfico-matemática, aplicando fundamentos da xeometría plana para resolver graficamente operacións matemáticas, relacións, construcións e transformacións.	2		1-2-4		11-50		2	
OBX3 - Desenvolver a visión espacial, utilizando a xeometría descritiva en proxectos sinxelos, considerando a importancia do debuxo na arquitectura e nas enxeñarías, para resolver problemas e interpretar e recrear graficamente a realidade tridimensional sobre a superficie do plano.			1-2-4		11-50		2-3	
OBX4 - Formalizar e definir deseños técnicos aplicando as normas UNE e ISO de maneira apropiada e valorando a importancia que ten o esbozo para documentar graficamente proxectos arquitectónicos e de enxeñaría.	2		1-4	2	11-32-50		3	
OBX5 - Investigar, experimentar e representar dixitalmente elementos, planos e esquemas técnicos mediante o uso de programas específicos CAD de xeito individual ou grupal, apreciando o seu uso nas profesións actuais, para virtualizar obxectos e espazos en dúas dimensións e tres dimensións.			2-3-4	1-2-3			3	41-42

Descrición:

3.1. Relación de unidades didácticas

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
1	Trazados xeométricos fundamentais no plano.	Visión xeral do ámbito de aplicación do debuxo técnico, a súa evolución histórica e a súa relación con outras disciplinas, así como repaso dos trazados básicos e introdución de novas construcións	8	12	X		

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
1	Trazados xeométricos fundamentais no plano.	fundamentais necesarias para o desenvolvemento doutras construcións máis complexas.	8	12	X		
2	Polígonos.	Clasificación dos polígonos. Construción de triángulos e obtención dos puntos notables. Construción de cuadriláteros. División da circunferencia en partes iguais (é dicir, polígonos regulares inscritos na circunferencia). Construción de polígonos regulares a partires do lado, e construción de polígonos estrelados.	9	12	X		
3	Proporcionalidade e semellanza. Escalas.	Concepto de proporcionalidade: o teorema de Tales, a determinación gráfica da cuarta, terceira e media proporcional e a sección áurea. Semellanza e igualdade. Concepto de escala: tipos (redución, natural e ampliación) e uso das escalas numérica e gráfica.	8	11	X		
4	Transformacións xeométricas no plano..	Concepto de transformación xeométrica e clasificación segundo a relación entre o elemento orixinal e o transformado: transformacións isométricas (translación, xiro e simetría), isomórficas (homotecia) e anamórficas (afinidade). Entendemento e aplicación das mesmas.	8	12	X		
5	Tanxencias e enlaces.	Posicións relativas de rectas e circunferencias. Definición de tanxencia, propiedades e resolución por lugares xeométricos e dilatacións. Aplicación no ámbito do deseño mediante enlaces: definición, propiedades e resolución dos mesmos de rectas e curvas e de curvas.	8	12		X	
6	Curvas técnicas.	Definición e aplicación: trazado de curvas técnicas pechadas (óvalo e ovoide) e abertas (espirais, volutas e evolvente dun círculo).	8	11		X	
7	Sistema diédrico.	Sistemas de representación e concepto de proxección. Fundamentos do sistema diédrico e nomenclatura. Representación e posición do punto, a recta e o plano. Operacións fundamentais: pertenza, paralelismo, perpendicularidade e distancias.	9	12		X	
8	Sistema de planos acotados.	Fundamentos do sistema e nomenclatura. Representación do punto, a recta e o plano. Operacións básicas e interseccións. Aplicacións.	8	11		X	
9	Sistema axonométrico ortogonal. Perspectiva isométrica.	Fundamentos do sistema axonométrico e clasificación: axonometría ortogonal e oblicua. Tipos de axonometrías ortogonais: isometría, dimetría e trimetría. Obtención dos coeficientes de redución. Trazado de eixos, figuras e sólidos, e aplicacións da	8	11			X

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
9	Sistema axonométrico ortogonal. Perspectiva isométrica.	perspectiva isométrica.	8	11			X
10	Sistema axonométrico oblicuo. Perspectiva cabaleira.	Fundamentos e tipos de axonometrías oblicuas: perspectivas cabaleira e militar. Obtención dos coeficientes de redución. Trazado de eixos, figuras e sólidos, e aplicacións de ambas.	9	12			X
11	Sistema cónico. Perspectiva cónica.	Fundamentos do sistema cónico e clasificación: perspectiva cónica frontal e oblicua. Realización. A perspectiva cónica na arte e no debuxo.	9	12			X
12	Normalización e novas tecnoloxías.	Concepto de normalización. Tipos de normas, formatos de papel e liñas. Vistas de pezas e acoutación. Cortes e seccións. As novas tecnoloxías no debuxo técnico: introdución ao deseño asistido por computadora (programa vectorial 2D e modelado 3D).	8	12			X

3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas

UD	Título da UD	Duración
1	Trazados xeométricos fundamentais no plano.	12

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Analizar, ao longo da historia, a relación entre as matemáticas e o debuxo xeométrico, valorando a súa importancia en diferentes campos como a arquitectura ou a enxeñaría, desde a perspectiva de xénero e a diversidade cultural, empregando adecuadamente o vocabulario específico técnico e artístico.	Capacidade para recoñecer e valorar os elementos xeométricos presentes en diferentes campos, como a arte e a enxeñaría.	PE	100
CA1.2 - Solucionar graficamente cálculos matemáticos e transformacións básicas aplicando conceptos e propiedades da xeometría plana.	Interpretar de maneira correcta os datos dados para resolver graficamente exercicios de trazados fundamentais da xeometría plana.		
CA1.5 - Valorar o rigor gráfico do proceso; a claridade, a precisión e o proceso de resolución e construción gráfica.	Realizar os trazados xeométricos cunha precisión, claridade e limpeza axeitadas.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
- Desenvolvemento histórico do debuxo técnico. Campos de acción e aplicacións: debuxo arquitectónico, mecánico, proxectivo, eléctrico e electrónico, xeolóxico, urbanístico, etc.

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Orixes da xeometría. Thales, Pitágoras, Euclides, Hipatia de Alexandría. - Concepto de lugar xeométrico. Arco capaz. Aplicacións dos lugares xeométricos ás construcións fundamentais da xeometría plana. - Interese polo rigor nos razoamentos, e precisión, claridade e limpeza nas execucións.

UD	Título da UD	Duración
2	Polígonos.	12

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.4 - Trazar graficamente construcións poligonais baseándose nas súas propiedades e amosando interese pola precisión, a claridade e a limpeza.	Resolver correctamente o trazado de polígonos a partir dos datos dados.	PE	100
CA1.5 - Valorar o rigor gráfico do proceso; a claridade, a precisión e o proceso de resolución e construción gráfica.	Realizar os trazados xeométricos cunha precisión, claridade e limpeza axeitadas.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Triángulos, cuadriláteros e polígonos regulares. Propiedades e métodos de construción específicos e xerais. - Interese polo rigor nos razoamentos, e precisión, claridade e limpeza nas execucións.

UD	Título da UD	Duración
3	Proporcionalidade e semellanza. Escalas.	11

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.2 - Solucionar graficamente cálculos matemáticos e transformacións básicas aplicando conceptos e propiedades da xeometría plana.	Interpretar de maneira correcta os datos dados para resolver graficamente problemas de proporcionalidade, semellanza e escalas.	PE	100
CA1.5 - Valorar o rigor gráfico do proceso; a claridade, a precisión e o proceso de resolución e construción gráfica.	Realizar os trazados xeométricos cunha precisión, claridade e limpeza axeitadas.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Proporcionalidade, equivalencia e semellanza.

Contidos	
- Interese polo rigor nos razoamentos, e precisión, claridade e limpeza nas execucións.	

UD	Título da UD	Duración
4	Transformacións xeométricas no plano..	12

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.2 - Solucionar graficamente cálculos matemáticos e transformacións básicas aplicando conceptos e propiedades da xeometría plana.	Interpretar de maneira correcta os datos dados para resolver graficamente trazados relativos ás transformacións xeométricas no plano: translación, xiro, simetría, homotecia e afinidade.	PE	100
CA1.5 - Valorar o rigor gráfico do proceso; a claridade, a precisión e o proceso de resolución e construción gráfica.	Realizar os trazados xeométricos cunha precisión, claridade e limpeza axeitadas.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos	
- Proporcionalidade, equivalencia e semellanza. - Transformacións xeométricas no plano: translación, xiro, simetría, homotecia e afinidade. - Interese polo rigor nos razoamentos, e precisión, claridade e limpeza nas execucións.	

UD	Título da UD	Duración
5	Tanxencias e enlaces.	12

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.3 - Resolver graficamente tanxencias e trazar curvas aplicando as súas propiedades, cunha actitude de rigor na súa execución.	Interpretar de maneira correcta os datos dados para resolver graficamente exercicios de tanxencias e enlaces.	PE	100
CA1.5 - Valorar o rigor gráfico do proceso; a claridade, a precisión e o proceso de resolución e construción gráfica.	Realizar os trazados xeométricos cunha precisión, claridade e limpeza axeitadas.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos	
- Tanxencias básicas. Curvas técnicas.	

Contidos	
- Interese polo rigor nos razoamentos, e precisión, claridade e limpeza nas execucións.	

UD	Título da UD	Duración
6	Curvas técnicas.	11

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.3 - Resolver graficamente tanxencias e trazar curvas aplicando as súas propiedades, cunha actitude de rigor na súa execución.	Interpretar de maneira correcta os datos dados para resolver graficamente os trazados de curvas técnicas (pechadas e abertas)	PE	100
CA1.5 - Valorar o rigor gráfico do proceso; a claridade, a precisión e o proceso de resolución e construción gráfica.	Realizar os trazados xeométricos cunha precisión, claridade e limpeza axeitadas.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos	
- Tanxencias básicas. Curvas técnicas.	
- Interese polo rigor nos razoamentos, e precisión, claridade e limpeza nas execucións.	

UD	Título da UD	Duración
7	Sistema diédrico.	12

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.1 - Representar en sistema diédrico elementos básicos no espazo determinando a súa relación de pertenza, posición e distancia	Interpretar de maneira correcta os datos dados para resolver graficamente exercicios relativos ao sistema diédrico.	PE	100
CA2.5 - Valorar o rigor gráfico do proceso, a claridade, a precisión e o proceso de resolución e construción gráfica.	Realizar os trazados xeométricos cunha precisión, claridade e limpeza axeitadas.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos	
- Fundamentos da xeometría proxectiva.	
- Sistema diédrico: representación de punto, recta e plano. Trazas con planos de proxección. Determinación do plano. Pertenzas.	
- Relacións entre elementos: interseccións, paralelismo e perpendicularidade. Obtención de distancias: punto a punto, punto a recta, recta a plano, plano a plano, dúas rectas paralelas e mínima distancia entre dúas rectas que	

Contidos	
- se cruzan.	

UD	Título da UD	Duración
8	Sistema de planos acotados.	11

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.3 - Representar e interpretar elementos básicos no sistema de planos acotados facendo uso dos seus fundamentos.	Interpretar de maneira correcta os datos dados para resolver graficamente exercicios relativos ao sistema de planos acotados.	PE	100
CA2.5 - Valorar o rigor gráfico do proceso, a claridade, a precisión e o proceso de resolución e construción gráfica.	Realizar os trazados xeométricos cunha precisión, claridade e limpeza axeitadas.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos	
- Sistema de planos acotados. Fundamentos e elementos básicos: punto, recta e plano. Identificación de elementos para a súa interpretación en planos.	

UD	Título da UD	Duración
9	Sistema axonométrico ortogonal. Perspectiva isométrica.	11

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.2 - Definir elementos e figuras planas en sistemas axonométricos valorando a súa importancia como métodos de representación espacial.	Interpretar de maneira correcta os datos dados para resolver graficamente exercicios relativos ao sistema axonométrico ortogonal: perspectiva isométrica.	PE	100
CA2.5 - Valorar o rigor gráfico do proceso, a claridade, a precisión e o proceso de resolución e construción gráfica.	Realizar os trazados xeométricos cunha precisión, claridade e limpeza axeitadas.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos	
- Sistema axonométrico, ortogonal e oblicuo. Perspectivas isométrica e cabaleira. Disposición dos eixes e uso dos coeficientes de redución. Elementos básicos: punto, recta e plano.	

UD	Título da UD	Duración
10	Sistema axonométrico oblicuo. Perspectiva cabaleira.	12

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.2 - Definir elementos e figuras planas en sistemas axonométricos valorando a súa importancia como métodos de representación espacial.	Interpretar de maneira correcta os datos dados para resolver graficamente exercicios relativos ao sistema axonométrico oblicuo: perspectiva cabaleira.	PE	100
CA2.5 - Valorar o rigor gráfico do proceso, a claridade, a precisión e o proceso de resolución e construción gráfica.	Realizar os trazados xeométricos cunha precisión, claridade e limpeza axeitadas.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
- Sistema axonométrico, ortogonal e oblicuo. Perspectivas isométrica e cabaleira. Disposición dos eixes e uso dos coeficientes de redución. Elementos básicos: punto, recta e plano.

UD	Título da UD	Duración
11	Sistema cónico. Perspectiva cónica.	12

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.4 - Debuxar elementos no espazo empregando a perspectiva cónica.	Interpretar de maneira correcta os datos dados para resolver graficamente exercicios relativos ao sistema cónico: perspectiva cónica.	PE	100
CA2.5 - Valorar o rigor gráfico do proceso, a claridade, a precisión e o proceso de resolución e construción gráfica.	Realizar os trazados xeométricos cunha precisión, claridade e limpeza axeitados.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
- Sistema cónico: fundamentos e elementos do sistema. Perspectiva frontal e oblicua.

UD	Título da UD	Duración
12	Normalización e novas tecnoloxías.	12

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.1 - Solucionar graficamente cálculos matemáticos e transformacións básicas aplicando conceptos e propiedades da xeometría plana.	Debuxar unha figura a unha escala diferente da dada. Determinar a escala á que está unha imaxe acotada.	PE	100
CA3.2 - Documentar graficamente obxectos sinxelos mediante as súas vistas acotadas aplicando a normativa UNE e ISO na utilización de sintaxe, escalas e formatos, valorando a importancia de usar unha linguaxe técnica común.	Representar as vistas acotadas dun volume sinxelo de xeito normalizado. Empregar correctamente cortes e seccións para a definición de obxectos con certa complexidade.		
CA3.3 - Valorar o rigor gráfico do proceso, a claridade, a precisión e o proceso de resolución e construción gráfica.	Realizar os trazados xeométricos cunha precisión, claridade e limpeza axeitadas.		
CA3.4 - Utilizar o esbozo e o bosquexo como elementos de reflexión na aproximación e indagación de alternativas e solucións aos procesos de traballo.	Bosquexar unha peza mediante as vistas e tipos de liña normalizadas como forma de aproximación á representación final da mesma.		
CA4.1 - Crear figuras planas e tridimensionais mediante programas de debuxo vectorial, usando as ferramentas que achegan e as técnicas asociadas.	Debuxar formas 2D con programas de debuxo vectorial.		
CA4.2 - Recrear virtualmente pezas en tres dimensións aplicando operacións alxébricas entre primitivas para a presentación de proxectos en grupo.	Modelar volumes sinxelos con programas de modelado 3D.		
CA4.3 - Utilizar o esbozo e o bosquexo como elementos de reflexión na aproximación e na indagación de alternativas e solucións aos procesos de traballo nos que interveñen sistemas CAD.	Planificar debuxos para ser realizados posteriormente con programas tipo CAD.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Escalas numéricas e gráficas. Construción e uso. - Formatos. Dobradura de planos. - Concepto de normalización. As normas fundamentais UNE, ISO e DIN. Aplicacións da normalización: simboloxía industrial e arquitectónica. - Elección de vistas necesarias. Liñas normalizadas. Acotación. - Aplicacións vectoriais 2D-3D. - Fundamentos de deseño de pezas en tres dimensións. - Modelaxe de caixa. Operacións básicas con primitivas. - Aplicacións de traballo en grupo para conformar pezas complexas a partir doutras máis sinxelas.

4.1. Concrecións metodolóxicas

PRINCIPIOS E ESTRATEXIAS METODOLÓXICAS.

A metodoloxía didáctica é o conxunto de estratexias planificadas polo profesorado coa finalidade de posibilitar a aprendizaxe do alumnado e o logro dos obxectivos suscitados. Para acadar estes obxectivos e logros débense empregar uns principios metodolóxicos e didácticos nos que se teña en conta que o alumno ou alumna é o protagonista do proceso, o que constrúe a súa propia aprendizaxe, sendo deste xeito o profesor ou profesora, o guía que os oriente cara á consecución desas aprendizaxes. É dicir, debe xerar curiosidade presentando contidos interesantes, próximos e útiles, que chamen a atención do alumnado. Motivalo empregando recursos didácticos variados, visuais e audiovisuais, que permitan axustar o proceso ás capacidades, estilos e preferencias.

Para isto, débese partir do nivel de desenvolvemento do alumnado e así asegurar que esta aprendizaxe sexa significativa, concepto proposto por David Ausubel. Por tanto, secuenciaranse gradualmente os contidos, partindo sempre dos de menor dificultade e rematando cos que esixen maior atención e destreza. E sempre cun enfoque globalizador e interdisciplinar centrado nas competencias, de xeito que non teñan só coñecementos, senón que sexan capaces de aplicalos na solución de problemas reais.

Tamén é importante fomentar a participación activa e inclusiva, favorecendo, coas distintas actividades propostas ao longo do curso, o traballo do alumnado. Así como considerar a atención á diversidade, ao empregar métodos que teñan en conta os distintos ritmos de aprendizaxe, relacionados coa teoría das intelixencias múltiples de Gardner.

O IES San Clemente é o único instituto de Galicia que oferta o Bacharelato para adultos a distancia, o que significa que as clases serán gravadas polo profesor ou profesora nunha aula equipada para dito mester, e posteriormente subidas a unha Aula Virtual que serve como plataforma de coñecemento e intercambio entre o profesorado e o alumnado. Un alumnado que poderá poñerse en contacto cos seus profesores e profesoras empregando dita plataforma para enviar un correo electrónico ou solicitar unha titoría web, facendo unha chamada telefónica ao departamento no horario correspondente ou, de ser necesario, e sempre que a situación sanitaria o permita, concertando unha titoría presencial.

Por tanto, debido ao funcionamento das ensinanzas do IES San Clemente, ao feito de que o Bacharelato se imparta a distancia, a metodoloxía empregada nas clases gravadas, que ademais deben ser curtas para fomentar o seguimento dun alumnado que normalmente dispón dun tempo escaso, non é igual de participativa que nun centro ordinario, reducíndose a clases maxistras nas que a docente expón os contidos de forma secuenciada e progresiva, sempre coa premisa de facelos comprensibles e o máis amenos posibles.

E todo isto, aínda que nos movamos nun entorno virtual, nun clima de aula axeitado, no que se favoreza o diálogo e o respecto ás diferenzas, o que dará como resultado a cooperación e implicación do alumnado como tamén o seu desenvolvemento integral, evitando centrarnos só no aspecto intelectual.

SECUENCIACIÓN DO TRABALLO NA AULA VIRTUAL.

No Bacharelato a distancia, e polo tanto tamén na materia de Debuxo Técnico I, a temporalización das sesións vén dada pola propia ferramenta de aprendizaxe virtual, na que se inclúen catro temas (unidades didácticas) por avaliación, cada un dos cales conta cun tempo de asimilación dunha quincena.

Todas as unidades didácticas seguen unha estrutura que se inicia coa motivación, presentando o tema de tal xeito que esperte o interese do alumnado, seguido da información aportada polo profesor ou profesora, tanto a básica dirixida a todos e todas, como a de reforzo e ampliación, só para os que o necesiten. O seguinte sería o traballo dos alumnos e alumnas. Para isto, na Aula Virtual de Debuxo Técnico I plantéanse dous tipos de actividades de aprendizaxe:

- Exercicios autoavaliáveis. Cada unidade didáctica contén dous boletíns de exercicios relativos á mesma para que o alumnado os resolva pola súa conta e compare as súas respostas coas do solucionario, tamén incluído en ditos documentos.

- Exercicios para enviar ao titor ou titora. En cada unidade didáctica, igual que no caso anterior, ou en ocasións cada

dúas, inclúese outro boletín de exercicios, sen solucións, que o alumnado pode facer e entregar de xeito voluntario para poder recibir así as posibles correccións por parte do profesor ou profesora.

A isto habería que sumar os exercicios de reforzo e ampliación propostos polo profesorado no caso de ser necesarios.

4.2. Materiais e recursos didácticos

Denominación
AULA EQUIPADA PARA AS GRAVACIÓNS
AULA VIRTUAL
GUÍA DA CONSELLERÍA DE CONTIDOS MÍNIMOS ESIXIBLES
VÍDEOS DE CLASE.
DOCUMENTOS PDF DE CARÁCTER TEÓRICO-PRÁCTICO
EXERCICIOS PRÁCTICOS ABAU
LIGAZÓNS A CONTIDO EXTRA
EXAME MODELO

Como materiais:

- AULA EQUIPADA PARA AS GRAVACIÓNS. Os recursos técnicos empregados son os proporcionados polo IES San Clemente, que conta con dúas aulas perfectamente equipadas con cámara, focos, encerado dixital, micrófono, sistema de audio e ordenador con dúas pantallas para a gravación das sesións das distintas materias, incluída Debuxo Técnico I, así como cun sistema informático que procesa e edita os vídeos para facelos máis atractivos para o alumnado, sen necesidade de que os docentes se teñan que encargar desta parte tan específica.

- AULA VIRTUAL. Plataforma imprescindible na educación a distancia impartida no IES San Clemente, é o espazo dedicado á publicación das clases e dos apuntamentos por parte da profesora, das datas dos exames e de documentos importantes de cara o curso, e tamén de intercambio de impresións e de resolución de dúbidas para o alumnado.

Como recursos didácticos:

- GUÍA DA CONSELLERÍA DE CONTIDOS MÍNIMOS ESIXIBLES. Para facilitar a aprendizaxe e a sistematización dos contidos mínimos esixibles para o curso de Debuxo Técnico I, emprégase a guía elaborada pola Consellería de Educación, accesible no portal web da Xunta de Galicia, así como na Aula Virtual do IES San Clemente, á que se lle aplican as adaptacións necesarias para optimizar o ensino.

- VÍDEOS DE CLASE. Ao tratarse dunha ensinanza a distancia, as clases son gravadas no instituto pola profesora e subidas posteriormente á Aula Virtual para que o alumnado poida seguir o curso dun xeito ordenado e ao seu ritmo.

- DOCUMENTOS PDF DE CARÁCTER TEÓRICO-PRÁCTICO. Para complementar a información da guía e explicala máis pormenorizadamente, están a disposición do alumnado na Aula Virtual unha serie de documentos PDF coa parte teórica de cada tema elaborados e secuenciados pola profesora de xeito moito máis ordenado, visual e completo, a partir dos cales se desenvolven as explicacións das clases gravadas para unha mellor comprensión das mesmas. É dicir, a docente estudia cada tema por separado e estima dividilo nun determinado número de partes, as que mellor se axeiten á comprensión gradual do alumnado. Elabora o documento PDF de cada parte, coa súa teoría e a súa práctica, con exercicios debuxados paso a paso, e vainas subindo á plataforma ao mesmo tempo que os vídeos das clases, que utilizarán como ferramenta base precisamente estes documentos.

- EXERCICIOS PRÁCTICOS ABAU. Ademais das actividades propostas pola guía da plataforma, a docente adoita propoñer a resolución de exercicios extraídos dos exames de Selectividade coa publicación posterior das respostas para que o alumnado poida practicar e ampliar coñecementos, como tamén ir afacéndose a esta proba.

- LIGAZÓNS A CONTIDO EXTRA. En ocasións, para completar unha explicación ou simplemente para ofrecer información adicional ao alumnado, a profesora inclúe entre as publicacións da Aula Virtual, ligazóns de vídeos e webs que aportan contidos interesantes que poden axudar á comprensión da materia tratada.

- EXAME MODELO. Uns quince días antes das probas estipuladas no calendario, a profesora publica na Aula Virtual un exame modelo en branco, e outro coas respostas, para que os alumnos e as alumnas poidan ter unha idea do que se van atopar o día que deben examinarse da avaliación ou avaliacións correspondentes.

5.1. Procedemento para a avaliación inicial

Podemos definir a avaliación como o proceso mediante o cal valoramos se os alumnos e alumnas están conseguindo os obxectivos previamente marcados e se, a súa vez, se están desenvolvendo as competencias clave. E segundo o exposto no artigo 22 do Decreto 157/2022, do 15 de setembro, polo que se establecen a ordenación e o currículo do bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia, esta avaliación do proceso de aprendizaxe do alumnado de Bacharelato debe ser continua e diferenciada segundo as materias, terá un carácter formativo e será un instrumento de mellora tanto do proceso de ensino como do de aprendizaxe.

Por tanto, como proceso continuo, distínguense tres fases de avaliación: inicial, continua e final, mais debido ao tipo de ensinanza impartido no IES San Clemente, unha ensinanza a distancia que require dunha complexa loxística para a celebración dos exames ao longo do curso a nivel territorial galego, e na que o alumnado se pode matricular en calquera momento do mesmo, non está programada ningunha proba que sirva como avaliación inicial do alumnado.

Buscarase igualmente unha aprendizaxe significativa partindo sempre dos contidos relativos á materia en cursos anteriores e repetiranse algúns deles cando sexa oportuno nas explicacións, pero non se examinará de ningún xeito ao alumnado ao inicio do curso.

5.2. Criterios de cualificación e recuperación

Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

Unidade didáctica	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8	UD 9	UD 10
Peso UD/ Tipo Ins.	8	9	8	8	8	8	9	8	8	9
Proba escrita	100	100	100	100	100	100	100	100	100	100

Unidade didáctica	UD 11	UD 12	Total
Peso UD/ Tipo Ins.	9	8	100
Proba escrita	100	100	100

Criterios de cualificación:

Tendo en conta a particularidade de que a ensinanza do IES San Clemente se desenvolve a distancia, e que calquera exercicio proposto non terá máis que carácter voluntario, debido a que o alumnado se pode matricular en calquera momento do curso, e que ademais, soe contar con pouco tempo e moitas obrigacións que non teñen que ver co ámbito educativo, a cualificación de cada avaliación obterase directamente da proba escrita estipulada para a mesma.

Dita proba, da cal o alumnado estará previamente informado, tanto do número e estilo de preguntas como da súa cualificación, valorarase de 0 a 10 puntos, de tal xeito que nove corresponderanse a unha serie de exercicios prácticos relativos as catro unidades didácticas traballadas en cada avaliación, e o punto restante reservarase para a correcta presentación dos mesmos: limpeza, precisión nas construcións e axeitada identificación dos resultados.

O alumno ou alumna deberá ter como mínimo un 5 sobre 10 para poder aprobar a avaliación. Dado que a cualificación final do alumnado non pode incluír decimais, aplicarase a lei do redondeo: cando o valor da décima é inferior a cinco, redondéase á unidade anterior, e cando o valor da décima é igual ou superior a cinco, redondéase á unidade superior.

A nota final do curso será a media aritmética da nota das tres avaliacións, sempre que o alumno ou alumna teña aprobadas, como mínimo, dúas, e que na avaliación suspensa acadara unha cualificación mínima de catro puntos sobre dez.

Sobre esta nota final, e só de xeito positivo, poderase ter en conta a entrega voluntaria dos exercicios a enviar ao titor ou titora ao longo do curso, podendo sumar ata un punto a maiores. E tamén terase en conta se o alumno ou alumna se atopa nunha situación de aprobado dubidoso.

Criterios de recuperación:

- DAS AVALIACIÓNS: EXAME FINAL.

No caso de que a nota final sexa inferior a 5 ou de ter dúas ou máis avaliacións suspensas, o alumno ou alumna deberá facer, no mes de maio, unha proba final escrita de recuperación da avaliación ou avaliacións suspensas ou non presentadas, debendo acadar como mínimo un 5 sobre 10 para poder superalo. É dicir, no encabezamento desa proba haberá unha serie de combinacións con respecto as avaliacións a recuperar, o alumno ou alumna marcará a que lle corresponde segundo a súa situación persoal e fará os exercicios que se lle indican na mesma.

Dita proba cualificarase de 0 a 10 puntos, de tal xeito que nove corresponderanse a unha serie de exercicios prácticos relativos as unidades didácticas traballadas na avaliación ou avaliacións que se deban recuperar, e o punto restante reservarase para a correcta presentación dos mesmos: limpeza, precisión nas construcións e axeitada identificación dos resultados.

Dado que a cualificación final do alumnado non pode incluír decimais, aplicarase a lei do redondeo: cando o valor da décima é inferior a cinco, redondéase á unidade anterior, e cando o valor da décima é igual ou superior a cinco, redondéase á unidade superior.

- DA MATERIA: EXAME EXTRAORDINARIO.

Se o alumno ou alumna non acada unha cualificación óptima na avaliación final, deberá presentarse á proba extraordinaria de xuño na data fixada polo centro.

Dita proba versará sobre sobre todos os contidos traballados ao longo do curso, ou o que é o mesmo, a totalidade da materia impartida nas tres avaliacións. Cualificarase de 0 a 10 puntos, de tal xeito que nove corresponderanse a unha serie de exercicios prácticos, e o punto restante reservarase para a correcta presentación dos mesmos: limpeza, precisión nas construcións e axeitada identificación dos resultados, debendo acadar como mínimo un 5 sobre 10 para poder superala.

Dado que a cualificación final do alumnado non pode incluír decimais, na nota final aplicarase a lei do redondeo.

5.3. Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes

O alumnado que curse segundo de bacharelato e estea matriculado en Debuxo Técnico I por non tela superada con anterioridade poderá:

- Seguíla con normalidade, ao igual que os seus compañeiros e compañeiras que a cursan por primeira vez, presentándose aos exames de cada unha das avaliacións, e podendo, por tanto, aprobala por curso, coas mesmas condicións especificadas no apartado anterior desta programación didáctica.

- Presentarse, ben sexa por non ter seguido o curso ou por non aprobar algunha das avaliacións do mesmo, á proba de pendentes ordinaria que se celebra no mes de maio.

Ao igual que na avaliación final do alumnado novo de Debuxo Técnico I, no encabezamento desa proba haberá unha serie de combinacións con respecto as avaliacións a recuperar, o alumno ou alumna marcará a que lle corresponde segundo a súa situación persoal e fará os exercicios que se lle indican na mesma.

Dita proba cualificarase de 0 a 10 puntos, de tal xeito que nove corresponderanse a unha serie de exercicios prácticos relativos as unidades didácticas traballadas na avaliación ou avaliacións que se deban recuperar, e o punto restante reservarase para a correcta presentación dos mesmos, debendo acadar o alumnado como mínimo un 5 sobre 10 para poder superalo.

Dado que a cualificación final non pode incluír decimais, aplicarase a lei do redondeo, do mesmo xeito que se expuso en anteriores epígrafes desta programación didáctica.

- No caso de non conseguir aprobar a materia por curso ou asistindo á proba de pendentes ordinaria do mes de maio, o alumnado terá unha última oportunidade no exame de pendentes extraordinario que terá lugar no mes de xuño.

Dita proba versará sobre a totalidade da materia impartida nas tres avaliacións. Igual que no resto de probas, cualificarase de 0 a 10 puntos, de tal xeito que nove corresponderanse a unha serie de exercicios prácticos, e o punto restante reservarase para a correcta presentación dos mesmos. O alumno ou alumna deberá acadar como mínimo un 5 sobre 10 para poder superalo. E dado que a cualificación final do alumnado non pode incluír decimais, na nota final aplicarase a lei do redondeo.

5.4. Procedemento para acreditar os coñecementos necesarios en determinadas materias

O alumnado que se matricule na materia de Debuxo Técnico II, sen ter cursado previamente Debuxo Técnico I, non deberá realizar ningún boletín de exercicios nin proba específica para acreditar os coñecementos que vai adquirindo sobre a mesma. De feito, no IES San Clemente acontece algo bastante curioso, e é que son varios os alumnos e alumnas que, voluntariamente e baixo a súa responsabilidade, se matriculan de ambas materias á vez, sen ter en conta que para aprobar a de segundo se necesitan coñecementos propios da de primeiro.

En calquera caso, terán as mesmas oportunidades que os seus compañeiros e compañeiras: seguir o curso presentándose aos exames de cada avaliación, puidendo aprobar por tanto por curso, ir ao exame final en caso de non acadar un 5 sobre dez ou ter dúas ou máis avaliacións suspensas, e incluso, de non aprobar este último exame, facer o exame extraordinario. Todo cumprindo as mesmas condicións especificadas na epígrafe 5.2. desta unidade didáctica.

6. Medidas de atención á diversidade

As orientacións metodolóxicas expostas ata agora son de carácter xeral, mais non debemos esquecer que a atención á diversidade debe ser un elemento fundamental na práctica docente diaria, dado que a diversidade é unha realidade social e, polo tanto, tamén unha realidade de cada centro educativo. E incluso poderíamos dicir que no IES San Clemente máis que noutros centros, dado que a ensinanza a distancia preséntase en ocasións como a mellor alternativa para aqueles alumnos e alumnas con determinadas necesidades especiais.

Os materiais e leccións de Debuxo Técnico I configúranse tendo todo isto en conta. Pretenden propoñer solucións coherentes, tanto para aqueles alumnos e alumnas con menor formación específica nesta área, como para aqueles outros que tiveron a posibilidade de realizar estudos máis amplos neste ámbito:

- Nos documentos PDF elaborados pola profesora, así como nas clases e nas titorías web, refórzanse contidos estudados en etapas anteriores, particularmente no segundo ciclo da ESO, de tal xeito que os alumnos e alumnas con máis dificultades poidan ir asimilando os contidos de xeito progresivo. E tamén se amplían determinados aspectos, satisfacendo así tamén as necesidades daquel alumnado máis adiantado, ou que simplemente chegou ao curso cunha maior preparación.

- A elaboración de materiais para a súa exposición e o uso de medios audiovisuais favorecen a integración dos contidos por parte dun alumnado con moi diversas motivacións e capacidades.

- A inclusión de exercicios e problemas resoltos dunha dificultade variada serve para que aqueles alumnos e alumnas cunha formación máis deficiente neste campo poidan adquirir distintas técnicas de resolución. É dicir, a presenza continua de actividades de diferente dificultade ao longo das unidades didácticas do curso, facilitan a adecuación do nivel do alumnado.

Por outra banda, pese a tratarse dunha ensinanza non presencial, procurárase manter un contacto frecuente co noso alumnado, ben sexa a través dos mecanismos deseñados para tal fin na Aula Virtual, ou por teléfono, para así poder detectar os niveis de adquisición dos alumnos e alumnas e deseñar materiais e actividades voluntarias, de ser necesarias, de reforzo e de ampliación.

O centro conta cun Plan Xeral de Atención á Diversidade no que se expoñen o conxunto de medidas que se ofrecen a todo o alumnado coa intención de dar a resposta máis eficaz as súas características particulares e xerais, e sempre se traballará en coordinación co Departamento de Orientación.

7.1. Concreción dos elementos transversais

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8
ET.1 - Comprensión de lectura.	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.2 - Expresión oral e escrita.	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.3 - Comunicación audiovisual.	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.4 - Competencia dixital.	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.5 - Emprendemento social e empresarial.	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.6 - Fomento do espírito crítico e científico.	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.7 - Educación emocional e en valores.	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.8 - Igualdade de xénero.	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.9 - Creatividade.	X	X	X	X	X	X	X	X

	UD 9	UD 10	UD 11	UD 12
ET.1 - Comprensión de lectura.	X	X	X	X
ET.2 - Expresión oral e escrita.	X	X	X	X
ET.3 - Comunicación audiovisual.	X	X	X	X
ET.4 - Competencia dixital.	X	X	X	X
ET.5 - Emprendemento social e empresarial.	X	X	X	X
ET.6 - Fomento do espírito crítico e científico.	X	X	X	X
ET.7 - Educación emocional e en valores.	X	X	X	X
ET.8 - Igualdade de xénero.	X	X	X	X
ET.9 - Creatividade.	X	X	X	X

Observacións:

Segundo o artigo 19 do Decreto 157/2022, de 15 de setembro, polo que se establecen a ordenación e o currículo do bacharelato na Comunidade autónoma de Galicia, os nove elementos transversais expostos neste apartado deben traballarse en todas as materias, incluída a de Debuxo Técnico I. E neste caso, non se relacionan con unidades didácticas concretas, senón ao longo do curso, co desenvolvemento da materia no seu conxunto.

Ao interpretar as partes teóricas da mesma e os enunciados dos exercicios propostos, e respostalos despois dun tempo de reflexión no que se barallan posibles respostas, os alumnos e alumnas están traballando a comprensión de lectura, a expresión oral e escrita, o espírito crítico e científico e a creatividade. Co uso cotiá da Aula Virtual do IES San Clemente e dos distintos formatos nos que se presentan os contidos, fomentárase a competencia dixital e a comunicación audiovisual. Co feito de estudar a distancia e de ser, por tanto, o alumnado máis protagonista que nunca no proceso de ensinanza-aprendizaxe, marcando os seus tempos en todo momento, cultivárase o emprendemento. E o clima de aula, aínda que esteamos falando dun ámbito virtual, propiciará sempre a educación emocional e en valores e a igualdade de xénero, sobre todo nunha área tradicionalmente asociada co sexo masculino.

Do mesmo xeito, promoverase a aprendizaxe da prevención e resolución pacífica de conflitos, e valores como a liberdade, a xustiza, a igualdade, o pluralismo político, a paz, a democracia, o respecto polos dereitos humanos e o rexeitamento da violencia terrorista, entre outros. E por suposto, evítanse os estereotipos e os contidos sexistas, así como aqueles que supoñan discriminación por razón da orientación sexual ou da identidade de xénero.

7.2. Actividades complementarias

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
EXPOSICIÓN FOTOGRÁFICA "HELMUT NEWTON"	Inaugúrase o día 18 de novembro de 2023 na nave do peirao de Batería do porto da Coruña.			

Observacións:

Dado que o noso alumnado non acode presencialmente con regularidade ao centro porque ten outras ocupacións, de aí que estea cursando nunha modalidade a distancia, non resulta sinxelo plantear actividades de tipo complementarias ou extraescolares porque, á dificultade sanitaria dos últimos cursos debido á COVID hai que engadir a baixa participación do mesmo.

Con todo, si existen algunhas actividades de índole cultural, como saídas, planificadas por algúns departamentos, programadas posteriormente polo centro e comunicadas sempre con tempo suficiente aos alumnos e alumnas para que se animen a participar. E sempre tendo especial coidado en que estas actividades complementarias e extraescolares non supoñan un obstáculo para a consecución dos obxectivos suscitados, senón todo o contrario. Polo tanto, estúdanse con especial coidado as datas e a súa posible cercanía cos exames.

No caso concreto de Debuxo Técnico I, pertencente ao departamento de Debuxo do IES San Clemente, que engloba tamén materias propias do bacharelato de artes, está prevista a proposta dunha saída á cidade da Coruña para asistir á exposición do fotógrafo Helmut Newton.

8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

Indicadores de logro
(PE) O nivel de dificultade foi o adecuado ás características do alumnado?
(PE) Conseguiuse crear un conflito cognitivo que favoreza a aprendizaxe?
(PE) Conseguiuse motivar ao alumnado para o logro da súa actividade intelectual e física?
(PE) Conseguiuse a participación activa de todo o alumnado?
(PE) Tomouse algunha medida curricular para atender ao alumnado con NEAE?
(PE) Tomouse algunha medida organizativa para atender ao alumnado con NEAE?
(PE) Atendeuse adecuadamente á diversidade do alumnado?
(PDo) Fanse explicacións xerais para todo o alumnado?
(PDo) Ofrécese a cada alumno ou alumna as explicacións individualizadas que precisa?
(PDo) Elabóranse actividades de distinta dificultade atendendo á diversidade?
(PDo) Elabóranse probas de avaliación de distinta dificultade para os alumnos con NEAE?
(PDo) Utilízanse distintas estratexias metodolóxicas en función dos temas a tratar?
(PDo) Incorpóranse as TIC ao proceso de ensino-aprendizaxe?
(PDo) Préstase atención aos temas transversais vinculados á materia?
(PDo) Coméntase co alumnado os fallos máis significativos dos seus exames?
(PD) Deseñáronse as unidades didácticas ou temas a partir dos elementos do currículo?
(PD) O desenvolvemento da programación respondeu á secuenciación e temporalización prevista?

(PD) Engadiuse algún contido non previsto á programación?
(PD) Foi necesario eliminar algún aspecto da programación prevista?
(PD) Estableceuse a secuencia habitual de traballo no aula?
(PD) Son adecuados os materiais didácticos empregados?
(PD) Establecéronse pautas xerais para a avaliación continua?
(PD) Establecéronse criterios para a recuperación dunha avaliación?
(PD) Establecéronse criterios para a avaliación final?
(PD) Establecéronse criterios para a avaliación extraordinaria?
(PD) Establecéronse criterios para o seguimento e avaliación das materias pendentes?
(PD) Leváronse a cabo as medidas específicas de atención ao alumnado con NEAE?
(PD) Leváronse a cabo as actividades complementarias e extraescolares previstas?
(PD) Informouse ao alumnado sobre criterios de avaliación e instrumentos?
(PD) Seguiuse e revisouse a programación ao longo do curso?

Descrición:

O profesorado non avaliará unicamente as aprendizaxes do alumnado, senón que tamén fará o propio co proceso de ensino (PE) e a súa práctica docente (PDo), así como coa programación didáctica (PD). Para isto, a profesora de Debuxo Técnico I levará a cabo unha autoavaliación empregando os indicadores de logro expostos neste apartado.

8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora

O procedemento que se vai empregar para revisar e avaliar a programación didáctica será un seguimento regular da súa aplicación, unha vez ao mes, do que quedará constancia nas correspondentes actas de reunión de departamento, segundo a información achegada pola profesora.

Así mesmo, na memoria final de curso recollerase unha avaliación global da programación, acompañada das propostas de mellora que se consideren necesarias e que serán incorporadas para o curso seguinte.

Os acordos e/ou recomendacións da Comisión de Coordinación Pedagóxica que poidan afectar á mesma tamén serán tidos en conta para realizar as modificacións oportunas.

Para dita valoración global da programación didáctica, empregaranse os indicadores de logro precedidos por (PD) expostos na epígrafe anterior deste documento.

9. Outros apartados

1. Contribución da programación didáctica a outros proxectos e plans do centro: Plan TIC

A ensinanza non presencial require dun cambio metodolóxico para mellorar o aproveitamento das posibilidades que as tecnoloxías da información e a comunicación ofertan. Por tanto, dende esta materia aprovéitanse todos os recursos dispoñibles no IES San Clemente, centro punteiro neste eido, para preparar, impartir e subir as clases, así como vehículo de comunicación co alumnado.

2. Contribución da programación didáctica a outros proxectos e plans do centro: Plan de Atención á Diversidade.

Recoñécense as diversidades existentes como punto de partida para evitar que as diferenzas se convertan en desigualdades e desvantaxes entre o alumnado, e para iso, e sempre en conivencia co Departamento de Orientación, na materia ofrecerase a cada alumno ou alumna a axuda pedagóxica que precise axustando a intervención educativa.